



## **BASES QUE REXEN A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE LIMPEZA DE FACHADAS DE LOCAIS**

### **Base primeira: Definición das bases**

---

Por parte da Concellería de Emprego e Economía Social do Concello da Coruña, considérase que é fundamental para a dinamización comercial unha axeitada imaxe exterior dos locais abertos ao público.

Neste sentido a Concellería de Emprego e Economía Social pretende impulsar unha actuación para a limpeza de fachada de locais abertos ao público no termo municipal da Coruña, con ocasión de pintadas e/ou graffitis.

Estas bases elabóranse coa finalidade de valorar a necesidade de iniciar a contratación, determinar o número de establecementos interesados e o alcance da propia actuación.

### **Base segunda: Obxectivos do programa**

---

O obxectivo do programa é obter datos para determinar a necesidade e alcance dunha actuación por parte do Concello da limpeza de fachadas de establecementos abertos ao público.

A participación no programa non xera ningún dereito e expectativa en favor dos/das solicitantes, en tanto non se concrete, no seu caso, a contratación, ben por medios propios ou externos da limpeza das fachadas.

### **Base terceira: Persoas destinatarias do programa**

---

As persoas beneficiarias do programa son as propietarias de establecementos comerciais e de hostalería, así como de establecementos con actividades profesionais que entren dentro da categoría de microempresa e pequena empresa, se atopen abertos ao público e teñan fachadas exteriores do propio local afectadas por pintadas e/ou graffitis.

A categoría de microempresa e pequena empresa (PEMES) será a referida na Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas.

Estarán excluídos en todo caso os locais que se atopen dentro de centros comerciais, así como os establecementos industriais, financeiros e doutras administracións públicas. Tamén quedarán excluídos do programa os locais en edificios catalogados, obxecto de especial protección, ou que requiran medidas extraordinarias de actuación.

### **Base cuarta: Participación no Programa e prazo para presentación de solicitudes**

---

Nesta primeira fase poderán presentar a solicitude as persoas interesadas, que quedarán nunha lista de agarda por orde de inscrición, por si se desenvolve finalmente a iniciativa municipal da limpeza de fachadas. Con posterioridade ao dito prazo poderanse incorporar novas solicitudes, igualmente por orde de inscrición, en tanto se conte con dispoñibilidade e medios para realizar ou ampliar o programa de limpeza de fachadas.



A participación no programa e a incorporación a unha lista de agarda, non xera ningún dereito en tanto non se concrete, no seu caso, a contratación, ben por medios propios ou externos da limpeza das fachadas.

Para participar no programa as persoas interesadas deberán presentar, nalgún dos rexistros municipais, a solicitude de participación que figura como Anexo nestas bases e o resto da documentación que se indica no **prazo máximo dun mes** desde a súa publicación no taboleiro de anuncios na sede electrónica municipal (<https://sede.coruna.gob.es>)

Os obrigados a relacionarse telemáticamente coa administración (persoas xurídicas, entidades sen personalidade xurídica e profesionais que requiran colexiación obrigatoria, e demais do artigo 14.2 da Lei 39/2015) deberán presentar a solicitude a través da sede electrónica <https://sede.coruna.gob.es>. Todos as demais persoas interesadas poderán empregar ben a sede electrónica anterior ou ben presentar a solicitude presencialmente nalgún dos rexistros municipais.

#### **Base quinta: Documentación**

---

Para participar no programa, deberá presentarse o modelo de solicitude con declaración responsable que figura como Anexo nestas bases, así como as fotografías da fachada afectada.

A declaración responsable comprende, entre outras, a indicación das medidas de limpeza propostas e a declaración de contar coa autorización da persoa propietaria do local e da comunidade de propietarios, no seu caso.

#### **Base sexta: Existencia de crédito**

---

En todo caso, os gastos correspondentes, quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente nas aplicacións orzamentarias do ano 2019.

#### **Base sétima: Aceptación das Bases**

---

O feito de participar no programa implica o coñecemento e a aceptación das presentes bases.



**DEPARTAMENTO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E COMERCIO**  
**CENTRO DE EMPRESAS ACCEDE PAPAGAIO**

**ANEXO**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE LIMPEZA DE FACHADAS DE LOCAIS**

<b>Apellidos</b>	
<b>Nome</b>	
<b>DNI</b>	
<b>Domicilio</b>	<b>Dirección</b> <b>Municipio</b> <b>Código Postal</b> <b>Provincia</b>
<b>Teléfono</b>	
<b>Correo electrónico</b>	

**DECLARA** responsablemente que ostenta a representación da persoa que presenta a solicitude actuando (marcar o que proceda):

En nome propio

En representación da persoa física/xurídica:

<b>Apellidos, nome e Razón social</b>	
<b>DNI/CIF</b>	
<b>Domicilio</b>	

O asinante da declaración, ou a persoa física ou xurídica á que representa, **SOLICITA** participar no programa de LIMPEZA DE FACHADAS DE LOCAIS e **DECLARA** que:

- Ten autorización da persoa propietaria do local para executar a limpeza da fachada do local.



- Conta, no caso que sexa preciso, cos permisos necesarios e a autorización ou coñecemento da comunidade de propietarios para a limpeza da fachada onde se sitúa o establecemento.
- O local non está en edificios catalogados, obxecto de especial protección, ou que requiran medidas extraordinarias de actuación.
- Conta coas autorizacións necesarias para o exercicio da actividade.
- Coñece as bases de participación no programa de limpeza de fachadas de locais que expresamente asume e acata na súa totalidade.
- Os traballos consistirían na seguinte limpeza (achega fotografías do estado actual da fachada):

Actividade do establecemento	
Nome comercial	
CNAE	
Barrio/zona	
Superficie estimada a limpar (m <sup>2</sup> )	
Tipo de superficie afectada (cristal, pedra, metal, etc.)	
Obxecto da limpeza (Graffiti, pintadas, etc.)	

(Lugar, data e firma do solicitante)

**DEPARTAMENTO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E COMERCIO – CENTRO DE EMPRESAS  
ACCEDE PAPAGAIO**